

CONCRECIÓN CURRICULAR

CEIP SEQUELO-MARÍN

2022-
2023



Concreción curricular 2022-2023

Educación infantil e Educación primaria

ÍNDICE

1. Introducción	2
2. Adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.	2
3. Contribución á adquisición das competencias clave.	4
4. Criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporación dos elementos transversais.	4
5. Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.	5
6. Criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.	5
7. Criterios para o deseño das actividades complementarias.	7
8. Criterios para o deseño dos Plans específicos de reforzo para o alumnado que debe permanecer un ano máis no mesmo curso	8
9. Criterios xerais para a avaliación e a promoción.	8
10. Decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.	14
11. Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.	15
12. Procedemento para a revisión, avaliacións modificación da concreción curricular.	15

1. Introducción

A Concreción Curricular do CEIP Sequelo-Marín está realizada polo Equipo Directivo, a comisión de coordinación pedagóxica e o claustro de profesores. Dito documento orienta aos mestres/as na súa actuación docente.

ELABORADO POR: Equipo Directivo	REVISADO POR: Comisión de Coordinación Pedagóxica	APROBADO POR: Claustro
DATA: 25/10/2022	DATA: 22/11/2022	DATA: 29/11/2022

Teremos en conta os seguintes decretos:

- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Adecuación dos obxectivos as etapas ao contexto do centro.

A partir deste curso 2022-2023, o CEIP Sequelo- Marín conta coas etapas de educación infantil e educación primaria.

Por unha banda a **educación infantil** contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.



i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A etapa de **Educación Primaria** contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.



m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. Contribución á adquisición das competencias clave.

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinaria. As competencias que debemos desenvolver son as seguintes nas etapas de infantil e primaria:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD)
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

No noso centro potenciaremos o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e a de competencia persoal social e de aprender a aprender.

4. Criterios para o desenvolvemento dos principios pedagóxicos e incorporación dos elementos transversais.

Durante o curso 2022-2023 contamos cun proxecto de centro chamado "Protexo o meu Planeta, protéxome eu". Proxecto no que abordaremos aprendizaxes fundamentais para a protección do medio ambiente, para desenvolver hábitos de consumo responsables, potenciar o reciclaxe, así como hábitos de vida saudables e estilos de vida activos.

Algúns dos elementos transversais salientables son:

- Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible: *traballarse ao longo de todo o curso. Poremos en marcha o composteiro e a selección dos residuos xerados no centro.* Redución da pegada de cada un.



Colaboraremos co instituto galego de consumo para establecer un espírito crítico nos futuros consumidores. Asimesmo, o consumo responsable dende o punto de vista do medio ambiente será outro aspecto relevante.

- Educación para a saúde, incluída a afectivo sexual: *hábitos de vida saudables, estilo de vida activo. Coñecemento e respecto á diversidade afectivo-sexual.*
- Comprensión lectora
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual
- Competencia dixital
- Fomento da creatividade, espírito científico e emprendemento
- Igualdade entre homes e mulleres
- Educación para a Paz e resolución pacífica de conflitos: *centrarémonos na convivencia armónica e respectuosa dentro do noso centro. Na escola coexisten moitas realidades e delas debemos aprender e crecer. A resolución pacífica de conflitos é outro dos eixos salientables no noso proxecto de centro.*
- Educación emocional e valores
- Educación vial: *coa colaboración da Policía Local, traballaremos os sinais e normas de circulación para desenvolver hábitos de desprazamentos seguros polas rúas.*

5. Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.

No CEIP Sequelo- Marín procuraremos que o noso alumando vaia adquirindo o protagonismo das súas aprendizaxes. Impulsaremos situacións de aprendizaxe partindo dos coñecementos previos, dos seus focos de interese e das realidades máis inmediatas. Este estilo de aprendizaxe activo debe ser reforzado mediante o uso de diferentes formas de presentación da información, é dicir, tendo en conta que non todos aprendemos do mesmo xeito, ao mesmo ritmo e coas mesmas motivacións. O Deseño Universal para o aprendizaxe será un punto de partida na procura dunha ensinanza inclusiva, para todos e todas. Os recursos manipulativos, dixitais e audiovisuais gañan importancia nesta vertente.

Outra das metodoloxías a ter en conta no noso día a día será o traballo en equipo, o colaborativo e cooperativo.

Estableceranse mecanismos de reforzo, coordinados co Departamento de Orientación, dende o momento en que se detecten necesidades.

6. Criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.

Acordase ter en conta as seguintes directrices xerais para analizar os materiais e recursos a empregar:

1. Adecuación ao contexto educativo do centro.



2. Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no *Proxecto educativo do centro*.
3. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
4. A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
5. A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
6. A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
7. A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
8. A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
9. Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.
10. Seleccionar os recursos o menos contaminantes e máis sostible posibles.

Teremos en conta a elaboración e creación de materiais o máis adaptados ás necesidades do noso alumnado. Algúns dos recursos seleccionados dende o noso centro son:

- O noso centro contamos con libros de texto de primeiro a cuarto de educación primaria. Nas materias de Educación Visual e Plástica, Relixión, Proxecto Competencial, Música e Danza e Lingua estranxeira: Inglés, non hai libros de texto.
- Edixgal en 5º e 6º de educación primaria.
- Aula virtual
- Falamos
- Dotación materiais Polos Creativos
- Fondos da biblioteca do centro
- Dixitais: Canva, Educaplay, youtube, kahoot, genially, padlet, calameo, celebrity,

Todos os recursos propostos no punto seguinte para o ensino online.

- **Vídeos:** Youtube, Youtube Kids, Vimeo, App Flipped Primary, gravación de videotutoriais.
- **Cuestionarios:** Kahoot, Quizizz, Learningapps, Educaplay, Quizlet, Google Forms.
- **Presentación e recollida das propostas:** Genially, Padlet, Canva, Lino.It, Calameo, Scribd, Issue.
- **Webs con xogos/fichas interactivas:** Educaplay, Cerebriti, Liveworksheet, Quizlet, JueduLand blog.
- **Webs creación musical:** Incredibox, Tony-b Machine, Al-jazari, Notessimo, Chrome Music Lab, Typatone, The Rhythm Randomizer.
- **Audio, podcats, música libre:** SoundCloud, Ivoox, Audacity, Free Music Archive, Audionautix, Youtube, Banco de sons do Ministerio de Educación.
- **Edición/buscas de partituras:** Musecore, Noteflight, Flat.
- **Edición de imaxes, imaxes libres:** Canva, PhotoDirector, PhotoGrid, Pizap, FotoFlexer, Pixabay, Free Images, FreePik, Icon-Icons, Cartoonize.
- **Edición e creación de vídeo:** PowerDirector, Quick, IMovie, Loom (gravar pantalla)



- **Webs/blogs específicos de Música:** Aprendo Música, Los pequeños músicos, Blog de Cuchuflete, Músicaeduca, Aula de Música 2.0, Aula de Música do CEIP Gerardo Diego.
- **Webs de información, cultura musical:** Los instrumentos musicales, Music Timeline, El Poder de la Palabra, El Atril, Musical Instruments, Consello da Cultura Galega.
- **Videoconferencias:** Cisco Webex, Falemos, Blue Botton da Aula Virtual
- **Webs para presentación e recollida de propostas:** Genially, Canva, Padlet
- **Materiais que teñamos na casa:** Obxectos sonoros, utensilios de cociña, instrumentos musicais, tarxetas con ritmos, xoguetes sonoros, peluches...
- **Materiais de:** Espazo Abalar, Aulas Galegas
- **Materiais impresos:** Fichas impresas, lecturas, libros que teñan nas súas casas...

Con respecto aos recursos humanos estes son:

- O/a mestre/a titor/a.
- Os mestres/as especialistas: educación musical, lingua estranxeira, educación física.
- O departamento de orientación (orientador, PT, AL, cuidadora)
- Os/as propios/as alumnos/as e as súas familias.
- Comunidade educativa.

7. Criterios para o deseño das actividades complementarias.

Como materia de libre configuración, o centro establece para o alumnado de 4º e 6º aumentar nunha sesión semanal a materia de Ciencias da Natureza.

As actividades complementarias seleccionaranse en función dos seguintes criterios:

- Contribución coa adquisición das competencias clave.
- Relación co Proxecto de Centro
- Conmemoracións recollidas na orde do calendario escolar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo.

Preferentemente, e segundo se recolle no Proxecto Lingüístico do centro, as actividades deben desenvolverse en lingua Galega.

Estas actividades considéranse positivas para o desenvolvemento do noso alumnado dado o seu carácter didáctico e motivacional, polo que se algunha actividade supón un custo económico, que algunha familia non puidese afrontar, buscarase unha solución para que o alumno ou alumna poidan participar.

8. Criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.

O eixo central da nosa intervención será a atención as diferenzas e ás necesidades educativas do noso alumnado. Por este motivo, é importante ter en conta aquel alumnado que non acadou os obxectivos do seu curso e debe permanecer un ano máis no mesmo nivel.

No decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, xunto coa Orde do 8 de setembro de 2021 recóllense diferentes medidas de atención á diversidade, ordinarias e extraordinarias.

Durante este curso 2022-2023, no noso centro poñemos en marcha dous desdobres nos cursos de 3º e 6º de educación primaria. Así como reforzo por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria. Estas respostas serían enmarcadas dentro da organización dos recursos. Noutro apartado atoparemos as medidas de tipo curricular, nas que encadraríamos as adaptacións curriculares significativas, ou non.

Atendendo ao alumnado que non promociona, é dicir, que non acadou os obxectivos marcados, realizaremos as actividades propias do nivel e actividades de consolidación e afianzamento das áreas non superadas.

Outra medida a ter en conta é a intervención de PT e AL, pero non só no caso de alumnado que non promociona. A intervención destes especialistas debe estar coordinada dende a Xefatura do Departamento de Orientación. As sesións de avaliacións trimestrais e a reunión trimestral do departamento resultarán fundamentais para dito obxectivo. As familias deberán estar informadas desta intervención. *"A atención docente directa por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado a que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico"* (Orde do 8 de setembro de 2021)

9. Criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación.

REFERENTES LEGISLATIVOS

- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións

de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- **Observación:** Utilizámola cando o traballo que vamos a analizar é algunha realización (unha exposición oral, unha coreografía) ou algún produto non verbal (un mapa, un gráfico). Pódese utilizar para algunha comunicación verbal ou escrita (un discurso, un problema, un tema).
- **Análise de contido:** Utilizámolo como un procedemento de cálculo. Comunicacions orais ou escritas analízanse para comprobar a presenza ou ausencia de certas características, cóntanse, e o número conseguido compárase con algún estándar e fórmúlase un xuízo (por exemplo, frases completas).
- **Tarefas e proxectos**
 - *Tarefas de adquisición de información.*
 - *Tarefas de repaso para almacenar a información.*
 - *Tarefas de transferencia, para usar e adquirir nova información.*
- **Test/probas elaboradas polos profesores:** Utilizaremos estes instrumentos para valorar o desenvolvemento competencial.

AVALIACIÓN SEGUNDO CICLO EDUCACIÓN INFANTIL

Sera continua, formativa e global.

Referentes: Obxectivos xerais da etapa e área, CCBB e os criterios de avaliación.

Momentos do proceso avaliador:

- 1.1. **Avaliación Inicial:** Realizaráse no momento da incorporación do alumno:
 - 1.1.1. Grao de desenvolvemento das CCBB.
 - 1.1.2. Información das familias.
- 1.2. **Avaliación Procesual:**
 - 1.2.1. Continua ao longo do Ciclo.
 - 1.2.2. 3 sesións ao longo de cada curso.
 - 1.2.3. Informe individualizado ao final de cada curso.
- 1.3. **Avaliación Final:** Ao termo do Ciclo realizaráse un informe individualizado que debe recoller:
 - 1.3.1. Logros no seu proceso de desenvolvemento.
 - 1.3.2. Adquisición das aprendizaxes.
 - 1.3.3. Aspectos que condicionen o seu proceso educativo.
 - 1.3.4. Medidas de reforzo e adaptación que se tomaron.

AVALIACIÓN ETAPA EDUCACIÓN PRIMARIA

Referentes: Obxectivos da etapa e área, CCBB e criterios de avaliación.

Momentos do proceso avaliador:

1.3.5. Avaliación Inicial:

- 1.3.5.1. Ao comezo de cada Ciclo
- 1.3.5.2. Aplicarase unha proba específica.
- 1.3.5.3. Esta avaliación non é calificable.
- 1.3.5.4. Os alumnos de incorporación tardía ao noso sistema educativo, realizarán esta proba no momento da súa incorporación ao Centro.

1.3.6. Avaliación Procesual:

- 1.3.6.1. Sesións con periodicidade trimestral dentro do período lectivo.
- 1.3.6.2. Quedará constancia na acta do Ciclo das sesións e acordos adoptados.
- 1.3.6.3. Valoraranse o grao de consecución das CCBB e aprendizaxes alcanzadas.
- 1.3.6.4. Informarase dos resultados aos alumnos e os seus pais ou titores legais.

1.3.7. Avaliación Final:

- 1.3.7.1. Ao final de cada Ciclo: Valoración dos resultados da avaliación continua do alumno ao longo do Ciclo.

DECISIÓNS E CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

Conforme á Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, establecemos que acadará a promoción ao finalizar 2º, 4º ou 6º cursos da etapa de educación primaria o alumnado que cumpra a seguinte condición:

Superase todas as competencias clave cunha cualificación mínima de Suficiente, ou teña avaliación negativa nunha ou dúas competencias, sempre e cando esas dúas competencias non sexan a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía.

Ademais da situación anterior e, de xeito excepcional, poderase decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, se cumpre algún dos seguintes criterios:

- a) O equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a integración social do alumno ou alumna ao seguir co seu grupo de referencia.
- b) O equipo docente considere que a alumna ou alumno ten expectativas favorables de recuperación no vindeiro curso, das competencias non superadas neste, debido á mellora das súas circunstancias persoais (grao de madurez, situación familiar, traslados, incorporación tardía, etc.)
- c) Que o equipo docente considere as especiais circunstancias derivadas da condición de alumnado con necesidade específica de apoio educativo que non conte con ACS.



Criterio para obter mencións honoríficas

O artigo 14 do Decreto 105/2014 do currículo de primaria, e ao artigo 5, apartado 4, da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria, establecen como criterio para conceder unha mención honorífica que o alumno ou alumna supere todas as áreas da etapa e obteña unha cualificación de sobresaínte ao rematar educación primaria nunha área ou en varias que demostren un rendemento académico excelente. En consecuencia, establecemos como criterio para obter mención honorífica o seguinte:

A criterio do equipo docente o alumno ou alumna proposto demostra un rendemento académico excelente cando supera todas as áreas e obtén unha cualificación media de 10 ao longo de toda a etapa de primaria nunha determinada materia (demostrando así posuír un talento excepcional nun área concreta, por exemplo na música, educación física, plástica, matemáticas, etc.).

Igualmente o equipo docente propondrá para mención honorífica a aquel alumno ou alumna que supere todas as áreas demostrando un rendemento académico excelente ao obter unha cualificación media de 9 ou superior ao longo de toda a etapa de primaria en ao menos o 70% das materias.

AVALIACIÓN DOCENTE

Todas as programacións docentes contan cun seguimento trimestral como se recolle nas mesmas. Ademais, no mes de xuño todo o profesorado cubre a seguinte enquisa:

Nome:	MATERIA/ CURSO			
Avaliación da práctica docente	1	2	3	4
Fago avaliación inicial ao principio de curso	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Propoño plan de traballo para cada unidade	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Planifico situacións introdutorias previas ao tema	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Aproveito o interese dos alumnos por un tema determinado para utilizalo como centro de interese	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Manteño o interese do alumnado	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Relaciono contidos e actividades cos coñecementos previos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Comunico a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Proporciono estratexias e ferramentas para que os alumnos descubran os contidos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos e, en función del adapto o proceso de ensino-aprendizaxe	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Cando a motivación decae propoño actividades divertidas e curiosas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Dou información dos progresos e das dificultades atopadas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



Obsérvanse as actividades dos alumnos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Proporciono ao alumnado as rúbricas de avaliación para que saiban como e de que se lles vai a avaliar	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Analízanse traballos realizados de xeito individual e en grupo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Lévase rexistro da observación sistemática	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Fanse entrevistas co alumnado	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Fanse probas orais	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Fanse probas escritas sobre pequenos bloques	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Fanse probas escritas sobre grandes bloques	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Tense en conta a existencia de probas doutras materias para colocar a da propia	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Son accesible ás familias	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓN: 1 Poucas veces, 2 Frecuentemente, 3 Case sempre, 4 Sempre				
Nome:				
Organización da aula e aproveitamento dos recursos	1	2	3	4
Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas aportacións	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Distribúo o tempo axeitadamente	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adopto distintos tipos de agrupamento en función da tarefa a realizar	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Organizo o espazo físico da aula en función das actividades a realizar	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Utilizo recursos didácticos variados para a presentación de contidos e para a práctica dos alumnos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Sigo o libro de texto como fonte de coñecemento e eixe da programación	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A metodoloxía é activa: proxectos, traballos colaborativos, ...	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
As actividades propostas están equilibradas entre individuais e grupais	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Reviso e actualizo a programación coas melloras introducidas durante o curso	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Deseño os meus propios instrumentos de avaliación	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



Emprego ferramentas informáticas para obter as cualificacións e niveis competenciais	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Entrego os meus instrumentos de avaliación ás familias	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓN: 1 Poucas veces, 2 Frecuentemente, 3 Case sempre, 4 Sempre				
Nome:				
Avaliación da propia programación	1	2	3	4
Adecuación da secuenciación e da temporalización das UD/proxectos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das UD ou proxectos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adecuación dos diferentes instrumentos empregados para a avaliación de cada estándar	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adecuación da metodoloxía	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A metodoloxía foi común para todo o departamento	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adecuación da secuencia de traballo na aula.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓN: 1 Deficiente, 2 Mellorable, 3 Boa en moitos casos, 4 Boa en todos os casos				

10. Decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.

Neste curso 2022-2023 conviven dous tipos de programacións didácticas. Por unha banda, as de educación infantil e 1º, 3º e 5º de educación primaria, que terán en conta a LOMLOE. Pola outra, as de 2º, 4º e 6º, que serán elaboradas segundo a LOMCE.

Na etapa de educación infantil as programacións contarán cos seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, oa súa secuenciación e temporalización.
- d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
 - Concreción dos elementos transversais.
 - Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
 - Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Na etapa de educación primaria, nas etapas da LOMLOE, as programacións contarán cos seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
- d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.
- f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

11. Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Algúns criterios a ter en conta á hora de participar nos diferentes Proxectos Plans e programas serán:

- Adecuación ao proxecto de centro.
- Promoción de estilos de vida saudables
- Desenvolvemento das competencias clave
- Desenvolvemento dun clima positivo e de estratexias de resolución pacífica de conflitos.

12. Procedemento para a revisión , avaliación e modificación da concreción curricular.

A revisión da concreción curricular será anual, tendo en conta as características específicas de cada grupo, a actualización da normativa e a realidade da sociedade na que nos atopamos. Realizaremos as modificacións necesarias.